



Resolución do 3 de outubro de 2022 pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo no Igape (xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos).

Mediante a Resolución do 22 de setembro de 2022, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Igape publicouse a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura da praza de xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos, convocado por Resolución do 8 de xullo de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia número 154 do venres, 12 de agosto de 2022.

Transcorrido o prazo que se establece nela para presentar as correspondentes alegacións esta dirección

RESOLVE:

Elevar a definitivas as relacións de solicitantes admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura da praza de xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos.

De acordo co establecido no punto 7 das bases da convocatoria, a lista de solicitantes admitidos e excluídos está a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios e na páxina web (en <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>).

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo da cidade de Santiago de Compostela, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Fernando Guldrís Iglesias

Director xeral do IGAPE





ANEXO

LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

DENOMINACIÓN DO POSTO: xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia número 154 do venres, 12 de agosto de 2022

DATA DO LISTADO: 3 de outubro de 2022

APELIDOS, NOME	NIF	Admitido/a ou Excluído/a
BARROS SÁNCHEZ, NATALIA	32800036N	ADMITIDA

